

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

8751 *Real decreto 371/2021, do 25 de maio, polo que se modifica o Real decreto 932/2013, do 29 de novembro, polo que se regula a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa.*

O artigo 1.1 do Real decreto 373/2020, do 18 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, atribúe a este departamento a proposta e execución da política do Goberno en relación co exercicio do dereito á liberdade relixiosa e de culto.

De acordo co número 4 da disposición transitoria primeira do citado real decreto, a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa manterá as súas competencias, composición, organización e funcionamento, de acordo co regulado no Real decreto 932/2013, do 29 de novembro, polo que se regula a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa, ata que se realice a necesaria adaptación ás novas competencias asumidas neste ámbito polo Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.

Ao abeiro da dita disposición, modifícase o Real decreto 932/2013, do 29 de novembro, para a súa adaptación ás competencias asumidas polo Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, en relación co exercicio do dereito á liberdade relixiosa e de culto.

A norma proxectada adecúase aos principios de boa regulación conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da potestade regulamentaria, segundo establece o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En particular, o proxecto de real decreto atende á necesidade de adaptar a composición da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa á súa nova adscrición administrativa e resulta eficaz e axustado ao cumprimento do obxectivo sinalado sen afectar, de ningunha forma, os dereitos e deberes da cidadanía. Tamén contribúe a dotar de maior seguridade xurídica a regulación, ao adaptar o seu contido ás previsións da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, relativas ao funcionamento dos órganos colexiados da Administración xeral do Estado. A norma proxectada cumpre co principio de transparencia xa que identifica claramente o seu propósito e a memoria, accesible á cidadanía, ofrece unha explicación completa do seu contido e tramitación. Finalmente, a norma proxectada é tamén adecuada ao principio de eficiencia xa que non impón novas cargas administrativas nin xera incremento no gasto público.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de maio de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 932/2013, do 29 de novembro, polo que se regula a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa.*

O Real decreto 932/2013, do 29 de novembro, polo que se regula a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa, queda redactado nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 3 e engádese un novo número 4 no artigo 2, que quedan coa redacción que se indica, e renumérase o actual número 4 como número 5:

«3. A Comisión é un órgano colexiado dos previstos nos artigos 15.2 e 21.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, adscrito orgánica

e funcionalmente ao Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, a través da Subsecretaría.

4. No non previsto polo presente real decreto, a Comisión axustará o seu funcionamento ás normas xerais de actuación dos órganos colexiados dispostas na sección 3.^a do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.»

Dous. Modifícanse as alíneas g) e h) do artigo 3, coa redacción seguinte:

«g) Emitir informes sobre as normas que incidan no exercicio do dereito de liberdade relixiosa que sexan ditadas polas comunidades autónomas, que o Goberno, a través da Presidencia da Comisión, someta á súa consulta.

h) Emitir informes sobre os asuntos concernentes ao seu ámbito de competencias que o Goberno, a través da Presidencia da Comisión, someta á súa consideración.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 5, que queda coa redacción seguinte:

«1. A Presidencia da Comisión corresponde á persoa titular do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.»

Catro. Modifícase o artigo 6, que queda redactado do seguinte modo:

«1. A Vicepresidencia da Comisión corresponde á persoa titular da Subsecretaría da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.

2. Son funcións da Vicepresidencia:

a) Substituír a persoa titular da Presidencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

b) Presidir e moderar as reunións da Comisión Permanente e dos grupos de traballo.

c) Acordar a convocatoria da Comisión Permanente e dos grupos de traballo, e fixar a orde do día correspondente.

d) Dirimir co seu voto os empates nas votacións para adoptar acordos no seo da Comisión Permanente e dos grupos de traballo.

e) Elaborar o proxecto de memoria anual de actividades.

f) Visar as actas dos acordos da Comisión Permanente e dos grupos de traballo.

g) Convocar, se for o caso, ás sesións da Permanente, con voz pero sen voto, terceiras persoas que poidan achegar información relevante sobre algún asunto preciso.

h) Elaborar, ao comezo de cada exercicio orzamentario, a previsión anual de gastos derivados do funcionamento da Comisión.

3. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa titular da Vicepresidencia, esta será substituída pola persoa titular da Subdirección Xeral de Liberdade Relixiosa.»

Cinco. Modifícase o artigo 7, que queda redactado como segue:

«1. A persoa titular da Secretaría da Comisión será nomeada pola Presidencia, entre funcionarios ou funcionarias de carreira adscritos á Subdirección Xeral de Liberdade Relixiosa que pertencen a corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1.

Asistirá con voz pero sen voto ás reunións do Pleno, da Comisión Permanente e dos grupos de traballo.

2. Son funcións da Secretaría:

a) A organización dos servizos de información, asesoramento técnico e administrativo da Presidencia, do Pleno, da Comisión Permanente e dos seus grupos de traballo.

b) Efectuar a convocatoria das sesións por orde da Presidencia ou Vicepresidencia, así como as citacións dos vogais da Comisión e daquelas persoas que, a xuízo da Presidencia ou Vicepresidencia, poidan achegar información relevante sobre un asunto preciso.

c) Elaborar as actas das sesións do Pleno, da Comisión Permanente e dos grupos de traballo.

De cada sesión redactarase acta detallada dos acordos adoptados, con expresión das opinións expostas, do resultado das votacións, se as houber, e, se for o caso, dos votos particulares que sexan formulados.

d) Preparar os traballos do Pleno, da Comisión Permanente e dos grupos de traballo.

e) Recibir os actos de comunicación dos vogais coa Comisión, tales como notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos cales deba ter coñecemento.

f) A tramitación e, se for o caso, execución daqueles acordos da Comisión ou decisións da Presidencia ou Vicepresidencia que se lle encomenden expresamente.

g) A custodia e arquivamento dos traballos desenvolto pola Comisión.

h) A expedición e autorización de certificados das consultas, acordos e ditames adoptados relacionados coa Comisión.

i) Preparar, baixo a dirección da Vicepresidencia, a previsión anual de gastos da Comisión.

j) Propor o pagamento dos gastos que deriven do funcionamento da Comisión.

3. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa titular da Secretaría da Comisión asumirá as súas funcións un funcionario ou funcionaria de carreira adscrito á Subdirección Xeral de Liberdade Relixiosa que pertenza a un corpo ou escala clasificado no subgrupo A1.»

Seis. Modifícanse as alíneas a) e c) do artigo 8, coa redacción seguinte:

«a) Sete persoas designadas en representación de cada un dos ministerios de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación; de Xustiza; de Facenda; do Interior; de Educación e Formación Profesional; de Sanidade, e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, titulares de órganos con rango de dirección xeral ou asimilado.»

«c) Seis persoas de recoñecida competencia no campo da liberdade relixiosa, propostas polo Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.»

Sete. Modifícase o artigo 10, coa redacción seguinte:

«Artigo 10. *Deberes dos vogais.*

Son deberes dos vogais da Comisión:

a) Asistir ás reunións convocadas pola Presidencia, salvo causa xustificada, da cal se dará conta antes de dar lectura á acta da sesión anterior.

b) Aceptar os relatorios e demais funcións que lles encomende a Presidencia, salvo causa xustificada, e proceder diligentemente á súa realización.

c) Observar as presentes normas e as instrucións da Presidencia para a boa orde das deliberacións.»

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 11, coa redacción seguinte:

«1. Os vogais a que se refire a alínea c) do artigo 8 serán nomeados por acordo do Consello de Ministros, por proposta da persoa titular da Vicepresidencia Primeira do Goberno e do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.

Os demais vogais da Comisión serán nomeados pola persoa titular da Vicepresidencia Primeira do Goberno e Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, mediante orde ministerial.»

Nove. Modifícase a alínea d) do número 1 do artigo 15, coa redacción seguinte:

«d) Un representante, coa categoría de director/a xeral ou asimilado, proposto por cada un dos departamentos ministeriais a que se refire o artigo 8.a). A cada un destes representantes corresponderanlle tres votos.»

Dez. Suprímese a disposición adicional única.

Once. Modifícase o número 1 da disposición derradeira primeira coa redacción seguinte:

«1. A organización e funcionamento da Comisión Asesora de Liberdade Religiosa, incluída a súa secretaría, será atendida cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados á Subsecretaría da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.»

Doce. Modifícase a disposición derradeira segunda, coa redacción seguinte:

«Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática para, logo de cumprimento dos trámites legais oportunos, ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado.»

Dado en Madrid o 25 de maio de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
CARMEN CALVO POYATO